

Os Roteiros Literarios de balde descubrirán este ano en Vigo a historia de Lavadores

Por Metropolitano

12/05/2023

Volven os **Roteiros Literarios** organizados pola Deputación e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) para **dar a coñecer as cidades e vilas da provincia da man de autoras e autores galegos**, que exercen de guías tomando como base obras literarias propias ou alleas que se ambientan en diversos espazos da súa xeografía.

Nesta sexta edición **serán cinco os roteiros, que se celebrarán durante as fins de semana do mes de xuño** e que se espallarán polos concellos de **Vigo, Moaña, Vilagarcía, Pontevedra e Lalín**, guiados por María Xosé Porteiro, Anna R. Figueiredo, Xurxo Alonso, Adolfo Caamaño e Xoán Carlos García Porral. Terán un total de 125 prazas (25 cada un) e as inscricións abriranse o vindeiro luns 15 de maio a través dun formulario na [web da Deputación](#). As persoas interesadas **poderán solicitar un máximo de dúas rutas**.

Os itinerarios, que **en todos os casos comezarán ás 11:30 e finalizarán ás 13:00 horas**, arrancarán o **sábado 3 de xuño en Vigo**, co roteiro guiado pola xornalista, política e escritora **María Xosé Porteiro**, que dará a coñecer ás persoas participantes as orixes da actual parroquia de Lavadores, que fora concello antes de anexionarse a Vigo en 1949 e tiña a súa capital no Calvario. Ao día seguinte, 4 de xuño, celebrarase a ruta Aconteceu en **Moaña** da man da escritora **Anna R. Figueiredo** na que, partindo do Auditorio Celso Parada, revisaranse espazos desta vila protagonistas de pezas da ficción narrativa.

O domingo 11 de xuño terá lugar o **Roteiro Literario Vilagarcían**, co autor e pintor Xurxo Alonso, xunto ao que as persoas participantes visitarán espazos como o

Colexio León XIII, a Imprenta Celta, a botica do escritor Lisardo Barreiro e o Instituto laboral. E o domingo día 18 o programa chegará a **Pontevedra** da man do escritor Adolfo Caamaño que guiará a ruta O espazo urbano pontevedrés como materia literaria, cunha ruta que se desenvolverá por espazos emblemáticos do barrio do Burgo, a cidade medieval e do ensanche contemporáneo. O programa finalizará o domingo 25 de xuño cun Roteiro histórico-literario por **Lalín** guiado polo investigador Xoán Carlos García Porral. O punto de encontro será a igrexa de San Martiño de Lalín de Arriba e visitaranse a Igrexa, as estatuas de Ramón María Aller Ulloa e de Joaquín Loriga, o Museo Municipal Aller Ulloa e o Castro Tecnolóxico.